

Por que ler a CUNQUEIRO, hoxe?

Nove letras que son razóns para ler a Cunqueiro

C. Pola **contemporaneidade** da súa obra: poucos autores souberon coma el modernizar, avivecer e reactivar a prosa, a poesía e o teatro galegos adaptándoos ás esixencias do século XX.

U. Polo seu **Ulises**, mais tamén polo Merlín, polo Orestes, polo Sochantre, polo Hamlet, polo Simbad, polo Fanto Fantini..., polos centos de referentes que latexan, por exemplo, en *Herba aquí ou acolá*; por outorgarlles nova vida a aqueles, por volvelos mitificar cunha imaxinería nova e deslumbrante.

N. Porque a súa prosa é **natural**, vén da liñaxe dos extraordinarios contadores de historias, e a estas soubo darlles forma cos seus portentosos dotes para a fabulación e para a creación de novos universos literarios.

Q. Pola **quentura**, non exenta das contradicións da propia condición humana, que desprenden os seus imborrables personaxes de ficción.

U. Porque foi **universal** desde o particular. Segundo Mariño preguntoulle se se podía ser universal escribindo en galego. Cunqueiro afirmou, rotunda e lucidamente, "igual que escribindo en xaponés". Era o ano 1960.

E. Para reivindicar que se **exhume** a súa obra dispersa, que dorme nas hemerotecas de tantos xornais e revistas, ou a inédita pois entre tantos libros soñados quen sabe se algúns traspasaron esa fronteira e chegaron a materializarse.... Existen *Os papés de Andrés Delgado?*, a ópera *Lume nas cerdeiras*, *A casa*, a *Historia de las chimeneas*, o *Diccionario de los ángeles*...

I. Porque lelo nos convida tamén a valorar, e debater, respecto da súa recorrente manifestación sobre a **incompatibilidade** entre periodismo e literatura. Sen dúbida vasos comunicantes que influíron e se condicionaron sempre entre si.

R. Por **reivindicar** de novo a súa vixencia. Para cumprir este obxectivo institucións e editoriais están obrigadas a facelo; docentes, críticos e órganos de mediación cultural teñen unha alta responsabilidade.

O. Porque foi consciente e asumiu con **orgullo** a tradición da que formaba parte. A Francisco Umbral díxolle, en 1969, que sobre os seus ombros descansaba unha parte nada despreziable do futuro da lingua galega. Quen o entenda como unha manifestación de soberbia está errado. A lingua foi nel unha preocupación constante e teimosa. Sabíao e con ela iluminou un camiño que no século XXI segue a transitarse.

Ramón Nicolás



Centenario 1911- 2011

A min gústame narrar claro, sinxelo e seguido.

O poema, o meu poema é a parte que eu teño na Creación.

O teatro Abdalá, é como unha novela, solo que non pasa no papel, senón en figuras vestidas nunha trabada nun patio.

Eu era xornalista por necesidade

Álvvaro Cunqueiro

Boletín nº 25

Novembro 2011

Biblioteca IES de Sanxenxo

ÁLVARO CUNQUEIRO MORA Biografía

1911	Nace en Mondoñedo o 22 de decembro. Na botica do pai escoita historias e aos tipos populares do país.
1922	Cursa o Bacharelato en Lugo.
1927	Estuda Filosofía e Letras en Santiago de Compostela. Descubre a obra dos autores vangardistas que influirán nos seus primeiros poemarios.
1936	Foi profesor en Ortigueira.
1939 - 1943	Foi redactor do diario ABC en Madrid.
1940	Comeza a súa andaina como narrador.
1960	Gaña o Premio Nacional da Crítica por <i>As crónicas do Sochantre</i> .
1961	Ingresa na Real Academia Galega. Traballa no xornal <i>Faro de Vigo</i> , do que foi director.
1966	Premio Conde de Godó de Periodismo.
1968	Gaña o premio Nadal por <i>Un hombre que se parecía a Orestes</i> .
1979	Gaña o Premio da Crítica de narrativa galega por <i>Outros feirantes e o Premio Frol da Agua</i> por <i>Herba aquí ou acolá</i> .
1980	Doutor honoris causa pola Universidade de Santiago.
1981	Morre en Vigo o 28 de febreiro.
1991	Dedicáselle o Día das Letras Galegas.

Cunqueiro dedicouse desde moi novo á literatura e ao xornalismo. A súa obra abrangue todos os xéneros e os máis diversos temas, desde a poesía ao libro de cociña, pasando pola narración e o drama.

Cunqueiro superou o concepto tradicional dos xéneros e construíu un universo literario coherente no que tratou elementos populares e recreou mitos e personaxes históricos e literarios. A súa obra literaria conforma un corpus singular que o sitúan como un dos mellores escritores galegos e universais do século XX, que, ademais, conta con múltiples traducións a outras linguas.

Biblioteca ÁLVARO CUNQUEIRO Editorial GALAXIA

